

00:09



Florencio Delgado Gurriarán

O_SOÑO_DO_GUIEIRO



Florencio Delgado Gurriarán tratou de prestixiar o galego traducindo as grandes obras escritas noutras linguas. Cun pequeno percorrido pola literatura francesa, con textos de Rimbaud, Mallarmé ou Valéry, gañou un concurso en Buenos Aires, xunto a Plácido Castro e Lois Tobío. O premio materializouse na obra *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, de 1949.

En 1951, publica na revista *A Nosa Terra* unha tradución de Walt Whitman, como homenaxe a Castelao logo do seu pasamento.

¡Ouh Capitán! ¡Meu capitán!, xa findou a nosa témera viaxe.
O barco aturou todol-os trebóns, xa conquerimos o premio arelado
O porto está cabo de nós, ouzo os sinos, todo o pobo rebulda cheo de ledicia
En mentres as olladas percorren a afincada quilla, o barco esgrevio e destemido.

Castelao, o seu amigo, compañeiro e guía político e intelectual, será tamén o centro da obra *O soño do guieiro*, que sae do prelo de Edicións do Castro en 1986. Nela, Florencio recolle a súa poesía social e de combate, na que hai textos de defensa da lingua galega, de homenaxe aos compañeiros mortos na batalla, de denuncia das barbaries cometidas polos falanxistas e franquistas, e mesmo hai un oco para a sátira do ditador.

